

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13 DE NO- VEMBRO DE 2017.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 46 DA SESIÓN DE 6 DE NOVIEMBRE DE 2017.**

Aprobouse a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 46/2017 do día 6 de novembro de 2017.

**2.- EXPEDIENTE 727/2017. COMUNICACIÓN PREVIA EN MATERIA URBANÍSTICA (URBANISMO) CP4 ANTECEDENTES EXPS 8678/16 8057/15 E 15/08/U.**

Acordouse aprobar o INFORME XURÍDICO RELATIVO Á IMPOSICIÓN DA PRIMEIRA MULTA COERCITIVA EN EXECUCIÓN FORZOSA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 10/10/16, RELATIVO Á DEMOLICIÓN DUNHAS OBRAS EN MACEIRA, 35-LALÍN.

**3.- EXPEDIENTE 4165/2017. LICENZA DE PARCELACIÓN.**

Acordouse CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN para reorganización das parcelas rústicas nº 264 e nº 271 do polígono 177, coas referencias catastrais rústicas nº 36024A177002640000BB e nº 36024A177002710000BP respectivamente, sitas no lugar de Oís Grande, parroquia de Bermés-Lalín.

**4.- EXPEDIENTE 5044/2017. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONTRATO DE SERVIZOS MANTEMENTO CASA CONSISTORIAL E CEIP XESÚS GOLMAR.**

Acordouse a DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS REFERENTE O CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE LALÍN E DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO CEIP XESÚS GOLMAR.

**5.- EXPEDIENTE 5078/2017. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONTRATO DE SERVIZOS LIMPEZA CENTROS EDUCATIVOS.**

Acordouse a DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS REFERENTE O CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE LALÍN: LOTE 1 (CEIP ZONA RURAL), LOTE 2 (CEIP ZONA URBANA) E LOTE 3 (ESCOLAS INFANTÍS).

**6.- EXPEDIENTE 3798/2017. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA "MELLORA DO CAMIÑO EN PAREIZO". PLAN CONCELLOS 2016.**

Dáse conta do escrito remitido pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra de data 7 de novembro de 2017, número de rexistro de entrada 8882, co que achega resolución presidencial comunicando a concesión ó Concello de Lalín dunha subvención por importe de 21.281,82 euros con destino ó financiamento do investimento “*Mellora do Camiño en Pareizo (Goiás)*”.

**7.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5216/2017 PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (EDUCACION FAMILIAR) .**

Acordouse aprobar o programa Campaña Nengún Neno e Nena sen Xoguete 2017.

**8.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5206/2017 SOLICITUDE PARA PODER REALIZAR UNHA SESIÓN FOTOGRÁFICA NO PAZO DE LIÑARES.**

Acordouse conceder autorización municipal para poder realizar unha sesión fotográfica no Pazo de Liñares.

**9.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5205/2017 SOLICITUE PERMISO PARA GRABACIÓN DUN NOVO SPOT DE PUBLICIDADE PARA TV DE EROSKIN DO GRUPO VEGALSA.**

Acordouse conceder autorización municipal para o uso da carballeira e estrada situada na rúa García Sánchez en Lalín.

**10.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5194/2017 DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN**

**DE SUBVENCIÓN “REPOSICIÓN DE MOBILIARIO NO CASCO URBANO DE LALÍN”–PLAN CONCELLOS 2017.**

Dáse conta do escrito remitido pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra de data 10 de novembro de 2017, número de rexistro de entrada 8993, co que achega resolución presidencial comunicando a concesión ó Concello de Lalín dunha subvención por importe de 15.004,00 euros con destino ó financiamento do investimento “*Reposición de mobiliario no casco urbano de Lalín*”.

**11.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5177/2017 CONCESIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO.**

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 24/2017 con carácter definitivo.

**12.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5176/2017 AIS CONCELLO.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante.

**13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5175/2017 AIS CONCELLO .**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante.

**14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5173/2017 CONCESIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO.**

Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 15/2010.

**15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5168/2017 SOLICITUDE DE POSTO DE VENDA AMBULANTE.**

Acordouse conceder autorización para a instalación dun posto de 4 metros para a venda ambulante de produtos hortofrutícolas segundo a actual distribución da rúa Joaquín Loriga de Lalín.

**16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5093/2017 PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN DE PERSOAL.**

Acordouse aprobar a solicitude de PRÓRROGA DAS BOLSAS DO PLAN DE PRÁCTICA LABORAL previstos nas cláusulas 9ª e 10ª das bases reguladoras da *Convocatoria de 200 Bolsas de Práctica Laboral para a Deputación e os Concellos da Provincia de Pontevedra, ano 2017 (BOPPO núm. 50 do 13 de marzo de 2017)*:

**17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5050/2017 AUTORIZACIÓN ASISTENCIA A CURSO FORMATIVO.**

Acordouse autorizar á técnica municipal a participar na acción formativa “*Programa de formación TecEuropa de especialización en financiamento comunitario 2017*”.

**18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4853/2017 RELACION DE FACTURAS.**

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00075 por importe de 207.381,06 €.

**19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4757/2017 AIS CONCELLO.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante.

**20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4640/2017 DEPENDENCIA.**

Acordouse a ALTA no programa de Xantar na casa para a unha persoa solicitante.

**21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4617/2017 PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (URBANISMO).**

Acordouse aprobar o INFORME XURÍDICO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTO DE ORDE DE EXECUCIÓN (exp. 4617/2017).

**22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4587/2017 DEVOLUCIÓN DE AVAL REFERENTE O CONTRATO ADMINISTRATIVO DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE LALÍN.**

Acordouse proceder á cancelación e devolución do aval constituído como garantía para a realización do contrato administrativo de xestión do servizo público de axuda a domicilio do Concello de Lalín.

**23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4442/2017 AIS CONCELLO.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante.

**24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3903/2017 CONTRATO MENOR DE OBRAS (CON PETICIÓN DE TRES OFERTAS).**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 20.059,32 € (IVE incluído), con destino á realización das obras denominadas “ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DAS BEIRARRÚAS ARENAL Nº 52”.

**25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1617/2017 TARXETA DE ESTACIONAMENTO ACREDITATIVA DA SITUACIÓN DAS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.**

Acordouse Deixar sen validez a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 10/2017 concedida con carácter provisional ata o 22/05/2018.

**26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 142/2017 SOLICITUD DE SUBVENCIONES PARA ENTIDADES LOCALES (TURISMO).**

Acordouse aprobar a nova memoria do “Proxecto de Promoción turística do Concello de Lalín”.

**27.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 141/2017 RECOÑECIMENTO E ABONO DE (BIENIOS/TRIENIOS/ETC.) A PERSOAL LABORAL DO CONCELLO.**

Acordouse Aprobar o informe emitido polo Secretario Xeral e recoñecer a unha traballadora municipal como pertencente o Grupo 1-A1 e recoñecer con data 13 de novembro de 2017, a antigüidade que se indica a varios traballadores.

**28.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 84/2017 CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN. CSE072017. MANTEMENTO ALUMEADO PÚBLICO.**

Acordouse á empresa adxudicataria dos lotes núm. 1 e núm. 2 do expediente de contratación denominado, “SERVIZO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE LALÍN” (CSE072017), un prazo dun (1) mes para a elaboración da *Memoria detallada do conxunto das instalacións*, esixida pola cláusula 9 do PPT, rematando o prazo para a súa presentación o día 15 de decembro de 2017.

**29.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4559/2017. CONVOCATORIA E PROBAS DE SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO.**

Acordouse Aprobar as bases específicas reguladoras do proceso selectivo para a creación da Bolsa de Emprego do posto de técnico/a de administración xeral deste Concello de Lalín.

**30.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:**



**EXPEDIENTE 5059/2017. PROPOSTA DE GASTO (INFORMATICA).**

**Acordouse** Autorizar e comprometer un gasto por importe de **10.069,04 €**, IVE incluído, conforme ó presuposto que se achega a esta proposta.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:15 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.